

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA



CURSO 2021-2022

CEIP DE BAROUTA

EQUIPO DOCENTE

Titor:

- Ignacio Pose Couto

Mestra especialista en lingua estranxeira inglés: Mercedes Alonso Padrón

Mestre especialista en educación física: Gabriel Gómez Buján

Mestre especialista en educación musical: Camilo García Castros

Mestra especialista en pedagogía terapéutica: Juan Manuel Lago Lestón

Mestras especialistas en audición e linguaxe: Emi Russi Cabalar / Mari Ríos Conde

Orientadora: Vanesa Rilo Mera

Mestra de relixión católica: Marta Vieites Sabel

ÍNDICE

- Introducción e contextualización.
- Concreción de obxectivos.
- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis de materia que forman parte dos perfís competenciais.
- Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial, incidindo nos seguintes aspectos:
 - Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.
 - Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.
 - Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.
- Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da área que formará parte dos perfís competenciais e concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
 - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
 - Obxectivos e contidos desenvolvidos.
 - Temporalización.
 - Grao mínimo de consecución para superar a materia.
 - Procedementos e instrumentos de avaliación.

- Criterios metodolóxicos e estratexias didácticas xerais.
- Materiais e recursos didácticos.
- Procedementos e instrumentos de avaliación. Criterios de avaliación.
- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
- Deseño da avaliación inicial (considerando as conclusións principais dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2020/21) e medidas a adoptar en función dos resultados.
- Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital.
- Actividades complementarias e extraescolares.
- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.
- Anexo (Temporalización, ponderación e instrumentos de avaliación dos estándares do curso)

- **Introdución e contextualización.**

A xustificación legal da existencia das programacións didácticas queda reflectida na **Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria.** E o funcionamento dos centros a través do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

A nosa lei de educación, **Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)**, propón un conxunto de medidas que pretenden mellorar as condicións para que todo o alumnado poida acadar o seu pleno desenvolvemento persoal e profesional. Polo tanto, baséase o sistema educativo na equidade, garantindo a igualdade de oportunidades independentemente das condicións persoais, culturais, económicas ou sociais. Reflectindo un modelo educativo que garante unha educación común para todo o estado español, respectando o marxe de autonomía de cada Comunidade Autónoma na elaboración dun currículo aberto e flexible. Respectando así o principio de autonomía pedagóxica e permitindo polo tanto que o docente adapte o currículo ao contexto do entorno, centro, e aula.

O deseño dos currículos é competencia compartida entre o Estado e as Comunidades Autónomas, recollido este no chamado Deseño Curricular Base, e considerado o 1º nivel de concreción curricular.

Para a nosa Comunidade Autónoma o currículo recollese no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.** Así, o desenvolvemento e concreción do mesmo, correspondente ao 2º nivel de concreción curricular, será función dos centros educativos e dos seus docentes, e recollerase nun documento que forma parte do Proxecto Educativo.

O 3º nivel de concreción, refírese ás programacións didácticas, onde o que se pretende é adaptar ao contexto de cada grupo de alumnos/as o currículo xa concretado a nivel de centro, nivel onde situaremos a nosa programación.

O centro de educación infantil e primaria (CEIP) de Barouta é un colexio de titularidade pública dependente da Xunta de Galicia que acolle alumnado das etapas de Infantil e Primaria atendendo na actualidade, a 256 alumn@s aproximadamente. Está emprazado no noreste do concello de Ames, nunha zona eminentemente rural. Os alumnos viven en centros de poboación pequenos e dispersos, polo que a gran maioría acude ao centro en autobús. Os recursos económicos das familias da zona proceden, en xeral, de traballos derivados do sector servizos. O nivel económico e cultural pode catalogarse como medio, salvo nunha das zonas de influencia onde é baixo. Hai, por tanto, unha serie de connotacións que inflúen no ámbito socio-cultural familiar do alumnado, sendo, en moitos casos, as actividades educativas e culturais ás que teñen acceso moitos alumnos unicamente as que se organizan ou promoven dende o propio centro escolar.

Esta programación didáctica está deseñada para un total de 25 alumnos/as de 4º de educación primaria, distribuídos nun só grupo-aula.

- **Concreción de obxectivos.**

A educación primaria e esta programación axudará a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- a. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

- d. Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e. Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f. Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i. Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
- j. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n. Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

- **Contribución ao desenvolvemento das competencias clave que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados de materia que forman parte dos perfís competenciais.**

De vital importancia durante esta etapa son as Competencias Básicas. Estas permiten identificar aquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde un enfoque integrador e orientado á aplicación dos saberes adquiridos. O seu logro deberá capacitar as alumnas e os alumnos para a súa realización persoal, a incorporación satisfactoria á vida adulta e o desenvolvemento dunha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A adquisición de competencias é un longo proceso que abrangue toda a vida de cada ser humano. Iníciase na etapa académica e prosegue na vida adulta. Pero os anos de formación escolar son fundamentais para o posterior desenvolvemento persoal, social e profesional. Precisamente para favorecer ao máximo este desenvolvemento, identificáronse un grupo de sete Competencias Clave:

1. Competencia lingüística
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
3. Competencia dixital
4. Aprender a aprender
5. Competencias sociais e cívicas
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

7. Conciencia e expresións culturais

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa nun contexto social e cultural determinado. O seu desenvolvemento artéllase arredor de cinco compoñentes relacionados cos seus ámbitos de aplicación ou dimensións:

- O compoñente lingüístico: céntrase, principalmente, nas dimensións léxica, gramatical, semántica, fonolóxica, ortográfica e ortoépica.
- O compoñente pragmático-discursivo: contempla as dimensións relacionadas coa aplicación da linguaxe e os discursos en contextos comunicativos concretos.
- O compoñente sociocultural: inclúe as dimensións centradas no coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O compoñente estratéxico: céntrase no desenvolvemento de destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversación.
- O compoñente persoal: potencia a actitude, a motivación e os trazos da personalidade a través da interacción comunicativa.

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Esta competencia require de coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas; as operacións e as representacións matemáticas e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

A competencia matemática supón, ao mesmo tempo, o desenvolvemento dunha serie de destrezas que se centran en:

- A aplicación das ferramentas e coñecementos matemáticos a distintos contextos persoais, sociais, profesionais ou científicos.
- A realización de xuízos fundados e de cadeas argumentais na realización de cálculos.
- A análise de gráficos e representacións matemáticas e a manipulación de expresións alxebraicas.

Estes coñecementos e destrezas artéllanse en catro áreas interrelacionadas entre si e relativas aos números, á álgebra, á xeometría e á estatística:

- A cantidade céntrase na cuantificación dos atributos dos obxectos, as relacións, as situacións e as entidades do mundo.
- O espazo e a forma inclúen fenómenos da nosa redonda visual e física como propiedades e posicións de obxectos ou decodificación de información visual.
- O cambio e as relacións céntrase nas relacións entre os obxectos e as circunstancias nas que ditos obxectos se interrelacionan.
- A incerteza e os datos son un elemento central da análise matemática presente en distintos momentos do proceso de resolución de problemas.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico favorecendo a interacción responsable co medio natural a través de accións que favorezan a conservación do medio natural e o desenvolvemento do pensamento científico coa aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas.

Os ámbitos que deben abordarse para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son:

- Sistemas físicos, que están asociados ao comportamento das substancias no ámbito fisicoquímico.
- Sistemas biolóxicos propios dos seres vivos dotados dunha complexidade orgánica que é preciso coñecer para preservalos e evitar o seu deterioro.
- Sistemas da Terra e do Espazo desde a perspectiva xeolóxica e cosmogónica, centrada na orixe do Universo e da Terra.
- Sistemas tecnolóxicos derivados, basicamente, da aplicación dos saberes científicos aos usos cotiáns de instrumentos, máquinas e ferramentas.

A **competencia dixital** implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para favorecer o seu uso na redonda laboral, potenciar a aprendizaxe, xestionar o tempo libre e contribuír á participación na sociedade. Para alcanzar estes fins, o desenvolvemento da competencia artéllase arredor dos seguintes ámbitos:

- A información, particularmente a xestión da información, o coñecemento dos soportes a través dos cales se difunde e o uso de motores de procura.
- A comunicación, desenvolvendo o coñecemento dos medios de comunicación dixital e a utilización de paquetes de software de comunicación.

- A creación de contido, centrándose no uso de diversos formatos (texto, audio, vídeo, imaxes) e programas/aplicacións para crear contidos.
- A seguridade, que implica coñecer os riscos asociados ao uso das tecnoloxías ou de recursos online e as estratexias ou actitudes adecuadas para evitalos
- A resolución de problemas, centrada no uso de dispositivos dixitais para resolver problemas e a identificación de fontes para buscar axuda teórica ou práctica.

A competencia aprender a aprender caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. É unha competencia fundamental para facilitar a aprendizaxe ao longo da vida e articúlase arredor da capacidade para motivarse a aprender, que depende da curiosidade e da conciencia da necesidade de aprender do alumnado; e da organización e xestión da aprendizaxe, que require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe na realización das tarefas de aprendizaxe.

Ao mesmo tempo, a organización e xestión da aprendizaxe desenvólvese a través de dous aspectos clave da competencia para aprender a aprender:

- A comprensión de procesos mentais implicados na aprendizaxe: que se sabe ou descoñece e o coñecemento de disciplinas e estratexias para realizar unha tarefa.
- A adquisición de destrezas de autorregulación e control fundamentados no desenvolvemento de estratexias de planificación, revisión e avaliación.

Competencias sociais e cívicas, a *competencia social* relaciónase co benestar persoal e colectivo en relación á saúde, tanto física como mental, e ao estilo de vida saudable que a favorece. Esta competencia está estreitamente ligada ás redondas sociais inmediatas do alumnado e artéllase a través de:

- Os coñecementos que permitan comprender e analizar de forma crítica os códigos de conduta e os usos de distintas sociedades e redondas.
- A comprensión de conceptos básicos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, á igualdade e á non discriminación.
- O recoñecemento das dimensións intercultural e socioeconómica das sociedades europeas.

A *competencia cívica* baséase no coñecemento dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís. Este coñecemento supón á súa vez:

- A comprensión de como se formulan ditos conceptos na Constitución, na Carta dos Dereitos Fundamentais da UE e outras declaracións internacionais.
- A aplicación de ditos conceptos en diversas institucións de ámbito local, rexional, nacional, europeo e internacional.
- A identificación dos acontecementos contemporáneos máis destacados e a comprensión de procesos sociais e culturais da sociedade actual.

A competencia cívica supón, ao mesmo tempo, o desenvolvemento dunha serie de destrezas que se centran en:

- A habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público e para manifestar solidariedade e interese por resolver os problemas que lle afecten á comunidade.
- A reflexión crítica e creativa e a participación construtiva nas actividades da comunidade ou do ámbito mediato e inmediato.
- A toma de decisións nos contextos local, nacional ou europeo e, en particular, mediante o exercicio do voto e da actividade social e cívica.

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos, para o que se require:

- Adquirir conciencia da situación que se quere intervir ou resolver.
- Planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, coa fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Estes fins acádanse na competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor a través dos seguintes ámbitos:

- A capacidade creadora e de innovación centrada no desenvolvemento da creatividade, o autoconhecimento, a autonomía, o esforzo e a iniciativa.
- A capacidade pro-activa para xestionar proxectos que implica destrezas como a planificación, a xestión e toma de decisións ou a resolución de problemas.

- A capacidade para xestionar o risco e manexar a incerteza en diferentes contextos e situacións.
- As calidades de liderado e de traballo, tanto individual como formando parte ou liderando un equipo.
- O sentido crítico e da responsabilidade, en especial no que á asunción das propias responsabilidades se refire.

A competencia en conciencia e expresións culturais artículase arredor dos seguintes aspectos: Coñecer as manifestacións culturais e artísticas valorándoas como unha fonte de enriquecemento persoal e como parte do patrimonio dos pobos, e desenvolver a propia capacidade estética e creadora vinculada ao dominio das capacidades relacionadas con distintos códigos artísticos e culturais. Estes aspectos da competencia en conciencia e expresións culturais desenvólvese ao mesmo tempo a través de:

- O coñecemento de xéneros, estilos, técnicas e linguaxes artística.
- O desenvolvemento da capacidade e interese por expresarse e comunicar ideas.
- A potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación.
- O interese polas obras artísticas e a participación na vida cultural da redonda.
- A capacidade de esforzo e a disciplina necesarias para a produción artística.

• **Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial, incidindo nos seguintes aspectos:**

En caso de actividade lectiva semipresencial ou non presencial traballaremos a través dun xeito funcional e natural, comunicándonos coa familia e chegando a concretar unha vía de comunicación e transmisión de actividades que sexa satisfactoria para ambas partes.

Partimos de que os contidos están interrelacionados entre sí polo que se potenciará un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada nas competencias.

Semanalmente colgaríamos actividades que incidan nos seguintes aspectos: lecturas comprensivas, escritura creativa e funcional, gramática, vocabulario, cálculo, numeración, resolución de problemas ligados á vida cotiá, xeometría... Tamén realizaremos tarefas que faciliten a contextualización das aprendizaxes: pequenas investigacións (lapbook), proxectos, maquetas, actividades de experimentación ... onde o alumnado avance no desempeño das competencias chave. Todo isto sen esquecer o uso das TIC (búsqueda de información...). As áreas de matemáticas e lingua castelá apoiaránse ademais no uso dos libros de texto funxible cos que contamos.

Potenciaremos a variedade de materiais e recursos, considerando a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe. Será fundamental o aproveitamento dos recursos que o alumnado teña na casa.

Enviaranse as propostas polos diferentes medios telemáticos cos que contamos (tokapp, aula virtual, correo electrónico...). Ao alumnado que non teña acceso á rede enviaránselle as tarefas a través de servizos sociais.

- **Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da área que formará parte dos perfís competenciais.**

- **Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliados de (ANEXO):**
 - **contribución ao desenvolvemento das competencias clave.**
 - **obxectivos e contidos desenvolvidos.**
 - **temporalización.**
 - **grao mínimo de consecución para superar a material**
 - **procedementos e instrumentos de avaliación.**

- **Cráterios metodolóxicos e estratexias didácticas xerais**

Atendendo aos principios metodolóxicos recollidos no Decreto 105/2014 do 4 de setembro as liñas metodolóxicas a seguir, terán coma finalidade última o desenvolvemento das competencias nos alumnos e alumnas, buscando que os coñecementos se transformen en saber facer e saber aplicar a proxectos reais contextualizados e próximos ao alumno.

O mestre/a debe ser xestor do coñecemento, orientador e mediador entre os materiais, as actividades e o alumnado. Avaliará tanto os procesos coma as aprendizaxes. Isto permitirá aos nenos e nenas realizar aprendizaxes significativas por si mesmos, é dicir, aprender a aprender.

Levarase a cabo un enfoque globalizador, interdisciplinar e interrelacionado de todas as áreas e porase especial atención á diversidade do alumnado, atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe e a prevención de dificultades, mediante mecanismos de reforzo organizativos e curriculares (apoio no grupo ordinario, agrupamento flexible ou adaptación curricular), deseñando actividades diferenciadas e graduadas, organizando os contidos, secuenciándoos de forma distinta, priorizando uns sobre outros.

A metodoloxía será fundamentalmente activa, integradora, participativa, progresiva, lúdica, emancipadora e creativa, baseada na actividade do alumno, na busca e descubrimento, na creación, e non na simple recepción, para favorecer o pensamento racional e crítico. A aprendizaxe será funcional, buscando a práctica do coñecemento, primando a calidade antes ca cantidade, fomentando a autonomía e a reflexión. Partirase dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas, dende o que lle resulta máis próximo e familiar que lle proporcione un equilibrio entre seguridade e benestar e interese e imaxinación para construír unha aprendizaxe significativa, que favoreza o crecemento persoal.

Levaranse a cabo distintas formas de agrupamentos heteroxéneos (parellas, pequeno grupo, grande grupo, individual), que permitan realizar tarefas cooperativas, proxecto e talleres, que fomenten a actividade e desenvolvan a motivación. Utilizaranse as tecnoloxías da información e comunicación para levar a cabo as distintas tarefas e procesos de ensino aprendizaxe.

O mestre/a coma educador integral: o mestre/a ten por definición un dobre perfil, o perfil profesional e o humano, como seres integrais non podemos desvincular una cousa da outra, e por iso mesmo a nosa metodoloxía ten que ser integral, debemos actualizarnos como educadores emocionais. Temos como deber non soamente cultivar a intelixencia cognitiva senón que debemos inculcar os máis nobres sentimentos no noso alumnado como poder ser, a solidariedade, a amabilidade, o respecto, etc. Debemos, como mestres/as estimular o desenvolvemento da intelixencia emocional. Esta intelixencia está enfocada a diferenciar e a fortalecer as emocións e os sentimentos coa finalidade de que os nosos alumnos/as poidan ser verdadeiramente felices cos demais e sobre todo consigo mesmos. Os sentimentos deben estar baseados na humanidade e no respecto aos demais e a un mesmo. En resumo, o mestre/a ten que ser un promotor das emocións e da empatía.

- **Materiais e recursos didácticos.**

No que respecta aos medios, materiais e recursos, utilizados este curso dividirémolos en catro apartados (humanos, materiais tecnolóxicos e naturais).

- Recursos humanos: persoas titoras e persoal de apoio.

- Recursos materiais (libro do alumnado, dicionarios, cartolinas, plastilina, pinturas, barro, materiais funxibles diversos, materiais de reciclaxe, metros, pesas, diferentes medidas de capacidade como botellas, medidores de cociña e diferentes envase...). Tamén contamos con pasatempos, xogos de mesa, xoguetes didácticos...

- Recursos tecnolóxicos: tableiro dixital interactiva, utilización da rede (vídeos sobre temas que tratamos, procura de información e outras tarefas que necesitaron dos medios tecnolóxicos dispoñibles).

- **Procedementos e instrumentos de avaliación. Criterios de avaliación.**

Avaliaremos o proceso de ensinanza, a propia práctica educativa e o desenvolvemento das capacidades por parte do alumnado acorde cos obxectivos previstos. Empregaremos instrumentos como: a observación directa e sistemática, a análise das producións do alumnado, probas escritas e orais...

A avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe, aínda que debe ser continua, realizarase en tres momentos relevantes:

- Avaliación inicial: Ao comezo do curso e durante o primeiro mes escolar, realizarase unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais anteriores e completaráse coa información obtida das familias e do profesorado.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio ou reforzo que consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

O comezo do curso farase un repaso do curso anterior con actividades orais que nos darán a información necesaria sobre os coñecementos previos e así elaborar a programación tendo en conta os obxectivos mínimos. Considerando moi importante a participación de tódolos docentes que participan no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.

- Avaliación formativa e continua: no día a día coa observación, revisión de tarefas, actividades,... As familias serán informadas continuamente deste proceso, tanto a través dos boletíns de información trimestral como nas horas de atención ás familias (martes de 16.30 a 17.30) ou en contactos máis informais.

-Avaliación sumativa: tendo en conta as avaliacións feitas ó longo do curso e plasmadas no informe de avaliación final.

Os criterios de cualificación que se van a seguir valoraranse de acordo ó seguinte :

- **Probas Oraís e escritas.**
- **Observación directa:** traballo individual e esforzo persoal. Limpeza, orde, corrección, comprensión, esquemas, fichas, cadernos, traballos.
- **Competencia social e cívica:** Interese, actitude, motivación, atención e participación.

Criterios de cualificación: en cada área estableceranse uns criterios de cualificación para cada proba ou tarefa proposta, dos que o alumnado será informado previamente.

Na área de educación artística, a educación plástica e musical valoraranse ao 50% respectivamente (sempre e cando as dúas estean aprobadas).

Para promocionar o alumnado deberá acadar os indicadores mínimos de logro das áreas instrumentais.

- **Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.**

Os mestres e as mestras avaliaremos tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a nosa propia práctica docente.

Os aspectos aos que se atenderá son os seguintes:

- a) Organización e coordinación do claustro.
- b) Planificación das tarefas.
- c) Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Proceso de integración no traballo. Relación e implicación dos pais. Relación entre os alumnos, e entre os alumnos e os profesores.

Os procedementos e instrumentos existentes para avaliar o proceso de ensinanza son :

- Intercambios orais: entrevista con alumnos, entrevistas con pais, reunións con pais.
- Resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos.

Tamén avaliaremos as programacións de aula co fin de establecer una avaliación plena de todo o proceso, avaliaranse os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento na clase da programación.
- Adecuación de obxectivos, estándares e metodoloxía coas necesidades reais.

Por último, avaliarase a propia práctica docente. As mestras e mestres avaliarán, nas sesións de avaliación do seu grupo, os procesos de ensino e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e das áreas e co desenvolvemento das competencias clave.

Esta avaliación incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) A adecuación dos estándares e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- b) As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
- c) As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- d) A programación e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.
- e) A coordinación entre os mestres e mestras dos diferentes cursos e co centro de adscrición de educación secundaria".

- **Deseño da avaliación inicial (considerando as conclusións principais dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2020/21) e medidas a adoptar en función dos resultados.**

Ao inicio do curso o titor revisará os expedientes dos alumnos/as para ter en conta as dificultades de aprendizaxe que se detectan.

Nesta avaliación inicial tivemos en conta:

- Os datos recollidos nas entrevistas coa familia.
- Os informes anteriores do alumno.
- As conclusións principais dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2019/20.
- Observación directa do alumno durante o 1º mes do curso.
- Probas orais ou escritas para comprobar a consecución dos obxectivos do curso anterior.
- Os datos recollidos na reunión que se fará co equipo educativo (todos os profesores que exerzan unha acción educativa directa co alumno) na

que se contrastarán os diferentes puntos de vista dos alumnos/as.

Unha vez valorada a información recollida, levaranse a cabo as medidas de atención á diversidade que cada alumno/a precise.

- **Medidas de atención á diversidade.**

A diversidade é unha característica intrínseca dos grupos humanos, cada alumno ten un modo especial de pensar, de sentir e de actuar. Fronte a unha visión que asocia o concepto de diversidade exclusivamente aos colectivos que teñen unhas peculiaridades tales que requiren un diagnóstico e unha atención por parte de profesionais especializados, consideramos que nos grupos educativos existe unha variabilidade natural, á que se debe ofrecer unha atención educativa de calidade ao longo de toda a escolaridade, xa que entendemos a diversidade do alumnado nun sentido amplo.

Trátase dun elemento enriquecedor e, desde logo, é unha das circunstancias máis relevantes que é preciso ter en conta desde un punto de vista educativo ao planificar e desenvolver os procesos de ensino-aprendizaxe.

Dito isto, na clase haberá diferentes recursos para aquel alumnado que teña dificultades en determinados momentos, para seguir o ritmo da clase e poida polo tanto incidir e reforzar aqueles contidos que lle resulten máis complicados.

As medidas de atención á diversidade son as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Podemos distinguir entre medidas ordinarias e extraordinarias.

Para facilitar os avances individuais teranse en conta os coñecementos previos do alumnado e a súa actitude ante os diferentes contidos para que o proceso de adquisición de novos contidos siga un proceso natural.

Dáse unha especial importancia ao autoconhecimento e ao respecto así como a traballar a intelixencia emocional, os xogos cooperativos e a resolución pacífica de conflitos. Propóñense actividades de reforzo para os alumnos que necesiten afianzar conceptos e de ampliación para aqueles que rematen axiña as actividades e poden ampliar contidos. Se no proceso de avaliación continua se advertise que un alumno/a non progresa adecuadamente, tan pronto se detecten as dificultades de aprendizaxe, adoptaranse as medidas de reforzo educativo coa finalidade de que adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

Neste aspecto adoptaremos e empregaremos estratexias como:

- Modificación no tempo das aprendizaxes.
- Adecuación da axuda pedagóxica: orientación, apoio,...
- Adecuación da metodoloxía.
- Adecuación das actividades ás diferencias individuais do alumnado.
- Fichas de ampliación e reforzo (comprensión lectora, ortografía, redacción,...).
- Tarefas para o desenvolvemento da intelixencia.
- Actividades de preparación para o curso seguinte.
- Probas de diagnóstico.
- Profesorado de apoio.

- **Actividades complementarias e extraescolares.**

Son un factor enriquecedor na educación do noso alumnado xa que amplían a súa formación, axúdanos a formarse nas diferentes facetas da súa personalidade e favorecen a convivencia.

Trátase de conseguir que sexan un estímulo para a actividade educativa evitando que a ensinanza quede relegada ao ámbito da aula así como de contribuír á mellora do seu rendemento académico ou á mellora da relación co profesorado.

Este ano é un curso especial debido á situación creada polo COVID.

En principio, poderanse programar algunhas saídas fóra do centro escolar e mantendo sempre o grupo burbulla. Están por determinar así como a forma de celebración das conmemoracións.

1º Trimestre: Samaín , Magosto , Nadal.

2º Trimestre: día da Paz , Entroido, semana da prensa.

3º Trimestre: semana do libro, Letras Galegas.

A través destas actividades preténdese ampliar e reforzar os contidos impartidos na aula así como fomentar a motivación do alumnado.

- **Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.**

A información que nos proporciona a avaliación débenos servir tamén para valorar a eficacia da propia práctica docente. Para elo, levarase a cabo unha auto avaliación facendo as modificacións que se consideren oportunas para a mellora da calidade e dos resultados obtidos. Servirémonos das

preguntas aos nenos sobre aquelas actividades que lles gustaron máis ou menos, aqueles aspectos que destacan de cada unidade, cales foron as actividades que máis os motivaron e aquelas curiosidades que lles gustaría ter tratado.

A avaliación do proceso consistirá na reflexión conxunta por parte do profesorado valorando se os obxectivos propostos foron axeitados e coherentes. Reflexión sobre a funcionalidade das estratexias metodolóxicas levadas a cabo así como a adecuación das actividades ás características, intereses e motivacións dos nenos que forman o grupo-clase.

Por último realizaremos a metaavaliación valorando e analizando se as técnicas e instrumentos de avaliación foron axeitados e referenciais dos obxectivos propostos así como os momentos nos que se levou a cabo dita avaliación.

En definitiva, a avaliación que se vai levar a cabo nesta programación é para determinar o grao de consecución dos obxectivos propostos, é dicir, determina o progreso real dos alumnos; polo que é necesario definir uns criterios, observables e medibles ao longo do proceso educativo, de maneira que sirvan de puntos de referencia á hora de valorar o grao en que se desenvolveron as capacidades desexadas.

Táboas coma a seguinte serven coma ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL

AVALIACIÓN DA NOSA PRÁCTICA DOCENTE

-Fun capaz de levar adiante esta programación	SI	NON	EN PROCESO
-Supuxo limitacións nalgúns campos	SI	NON	EN PROCESO
-Fun capaz de enfrontarme e resolver os conflitos	SI	NON	EN PROCESO

que foron xurdindo			
-Despois da miña actuación docente mellorou a relación coas familias	SI	NON	EN PROCESO
-Participei activamente nas actividades propostas por calquera dos equipos de centro	SI	NON	EN PROCESO

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación atendendo a:

- Grao de consecución dos obxectivos.
- Adecuación das actividades ao alumnado ás que van dirixidas.
- Adecuación e suficiencia dos recursos.
- Adecuación da atención á diversidade.
- Valoración dos Proxectos Lector, Tics, Convivencia e Lingüístico.
- Temporalidade axeitada.
- Implicación de todos os participantes.
- Grao de satisfacción dos implicados.

Estes puntos serán revisados para tomar nota dos aspectos a mellorar ou cambiar da programación de nivel.

16. Anexo. Temporalización, ponderación e instrumentos de avaliación dos estándares do curso.

COLEXIO	Programación "CEIP de Barouta"		
NIVEL	4º PRIMARIA	ÁREA	Matemáticas (MT)

Criterio de A valiación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
Bloque 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas							
MT-B1.1	4º-MTB1.1.1 - Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas ou en contextos da realidade.	Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CMCT CCL
MT-B1.2	4º-MTB1.2.1 - Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas:revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.	As operacións coa axuda do mestre.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CMCT CAA CSIEE
MT-B1.2	4º-MTB1.2.2 - Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de	Razona a resolución de problemas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CMCT CAA CSIEE

	problemas.						
MT-B1.2	4º-MTB1.2.3 - Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas a resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e eficacia.	Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas a resolver.				PROCEDEMENTOS: INSTRUMENTOS:	CMCT CAA CSIEE
MT-B1.2	4º-MTB1.2.4 - Identifica e interpreta datos e mensaxes de textos numéricos sinxelos da vida cotiá (facturas, folletos publicitarios, rebaixas...).	Identifica e interpreta datos e mensaxes de textos numéricos sinxelos da vida cotiá.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL CAA
MT-B1.3	4º-MTB1.3.1 - Profunda en problemas unha vez resoltos, analizando a coherencia da solución e buscando outras formas de resolvelos.	Profunda en problemas unha vez resoltos, analizando a coherencia da solución.				PROCEDEMENTOS: INSTRUMENTOS:	CMCT CAA CSIEE
MT-B1.3	4º-MTB1.3.2 - Formula novos problemas, a partir dun resolto: variando os datos, propoñendo novas preguntas, conectando coa realidade, buscando outros contextos etc.	Formula novos problemas sinxelos, a partir dun resolto.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CMCT CAA CSIEE
MT-B1.4	4º-MTB1.4.1 - Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático.	Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CMCT CAA
MT-B1.5	4º-MTB1.5.1 - Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada.	Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CMCT CSC CSIEE
